

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 9737** *Corrección de erros do Real decreto 668/2015, do 17 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.*

Advertido erro no Real decreto 668/2015, do 17 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 171, do 18 de xullo de 2015, procédese a efectuar a seguinte rectificación:

Na páxina 3, artigo único, punto tres, último parágrafo, onde di: «Os órganos xudiciais e outros órganos e persoas lexitimadas poderán solicitar que se lles revele a identidade dos asinantes con certificado electrónico de empregado público con pseudónimo nos casos previstos no artigo 11.2 da Lei orgánica 15/1993, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Nese caso, o prestador de servizos de certificación actuará de conformidade co previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro.», debe dicir: «Os órganos xudiciais e outros órganos e persoas lexitimadas poderán solicitar que se lles revele a identidade dos asinantes con certificado electrónico de empregado público con pseudónimo nos casos previstos no artigo 11.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Nese caso, o prestador de servizos de certificación actuará de conformidade co previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro.»